



XUNTA DE GALICIA

I. E. S. AQUIS CELENIS

36650 CALDAS DE REIS

☎ 986 54 03 58 - FAX 986 54 10 17

ies.aquis.celenis@edu.xunta.es

UNIDADE TÉCNICA
DELEGACIÓN DE EDUCACIÓN
36003 PONTEVEDRA

O IES Aquis Celenis de Caldas de Reis tiña como acceso o parque-xardín e carballeira da vila, tanto peonil como en vehículo particular, e a parada dos autobuses escolares facíase na mesma carballeira. Nestes momentos o concello de Caldas ven de realizar unha reforma da carballeira subvencionada pola Unión Europea que implica o peche total dese recinto prohibíndose por completo a circulación rodada e trasladando a parada dos autobuses fóra do parque-xardín.

Como consecuencia de todo isto, o noso alumnado tería a parada dos autobuses escolares nunha estrada xeral que ten moito tráfico e na que xa están a parar os dez autobuses do CPI Alfonso VII e está previsto realizar tamén todas as paradas dos buses de liñas regulares da vila de Caldas. O alumnado de Secundaria non ten acompañantes nos vehículos de transporte escolar, e mover a parada dos autobuses á dársena existente na rúa José Salgado afasta a 300 metros do centro e sen ningunha visibilidade. As familias do alumnado e a propia Policía Local fíxonos chegar o seu desacordo co decisión municipal.

Por outra parte, todos os vehículos que deben acceder ao IES (coches do profesorado, vehículos particulares do alumnado, taxis que traen alumnado, camionetas de reparto dos provedores da cafetería ...) deberían utilizar un camiño veciñal que non reúne as condicións mínimas para ofrecer unha circulación segura. A pista está sen acabar de asfaltar, en varios lugares acumúlase a lama cando chove, non se poden cruzar dous vehículos, debe realizarse un xiro de 180 graos nun lugar no que un vehículo grande (por exemplo, unha ambulancia) no podería facelo e un vehículo pequeno debe realizar varias manobras que son imposibles se hai un coche aparcado, que ten o acceso desde a estrada que se dirixe a Cuntis nun lugar cunha forte pendente e con pouca visibilidade.

Cómpre que teñamos en conta que ao noso Centro accede moito alumnado en vehículo particular (alumnado doutros concellos que estuda neste Instituto ten que ser traído pola súa familia ou, no caso do Bacharelato, teñen que vir conducindo o seu propio vehículo, por non haber transporte regular desde os seus domicilios). Isto implica que nas horas de entrada e saída do IES teñan que cruzarse na pista moitos vehículos (profesorado que entra, familiares que saen, vehículos de transporte de mercadorías que abastecen á cafetería,...).

O centro xa informou ao Delegado de Educación e ao noso inspector de que o Claustro e o Consello Escolar remitiron un escrito ao Concello manifestando a súa oposición.

Supoñemos que cando o concello de Caldas ofreceu os terreos para a construción do instituto tivo que garantir tamén os accesos pero non nos consta polo que desexaríamos saber se é así. Pensamos que desde a Unidade Técnica deberían facerse alegacións ao proxecto, xa que nos parece moi pouco seguro para o alumnado e toda a comunidade educativa a solución ofrecida. En caso de querer ver a zona e os problemas que supón este proxecto de obras, estamos á súa disposición.

Atentamente,

Xosé M. Candal González
Director do IES Aquis Celenis